

XIV

CARREIRA PEDESTRE

SAN BRAIS 2026



UNHA CARREIRA QUE NOS UNE
14 ANOS CORRENDO XUNTOS

REGULAMENTO



ASOCIACIÓN VECIÑAL
SALCEDO NORTE



Concello
de Pontevedra

PREVIO Á CARREIRA

1. DATA:

A Asociación Veciñal Salcedo Norte, coa co-organización do Concello de Pontevedra, organizan o domingo 01 de febreiro do 2026 a partir das 12,30h a "XIV Carreira Pedestre San Brais 2026".

2. PARTICIPANTES E CATEGORIAS:

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen sempre que estean inscritas nos prazos establecidos ao efecto pola organización, e cumpran as condicións de participación.

MASCULINA / FEMININA		ANO CUMPRIDOS O DÍA DA PROBA	
		MENOR	MAIOR
CUMPRIDOS	Chupete	De 00	A 04
	Pitufo/a	De 05	A 07
	Benxamín	De 08	A 09
	Alevín	De 10	A 11
	Infantil	De 12	A 13
	Cadete	De 14	A 15
	Xuvenil	De 16	A 17
	Senior	De 18	A 39
	Veteranos/as	De 40	A 59
	"Históricos Runners"	De 60	ou máis

3. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN:

As persoas participantes comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación da proba, obrigada por causas alleas á vontade da organización.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

- Certifico que estou en bo estado físico e teño pasado os pertinentes recoñecementos de saúde, que me habiliten para participar en probas deportivas de máis de 6.000 metros.
- Eximo de toda responsabilidade á organización que puidera derivar da miña participación no evento (Ex: perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias, agresións,...), e a Organización non será responsable de calquera lesión ou padecemento por imprudencia, negligencia ou falta de forma física do/a atleta.

Reglamento da "XIV Carreira Pedestre San Brais 2026"

- Autorizo a organización para a utilización da miña imaxe en publicacións, carteis,.... para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito á Asociación de Veciños Salcedo Norte (Centro Sur - Rúa Luís Braille, 40, Centro Sur, 36003, Pontevedra) ou ao correo avsalcedonorte@gmail.com.

- Conforme á normativa vixente, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, do que é responsable a Asociación de Veciños Salcedo Norte. A finalidade do ficheiro é levar a cabo a xestión de datos para a Carreira Pedestre de San Brais así como informarlle de futuras edicións. Se desexa exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición; poderá facelo dirixíndose por escrito á dirección sinalada no punto anterior, xuntando unha fotocopia do seu DNI.

A Organización resérvase o dereito de rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións que queden expostos no presente regulamento. En caso de dúbida, ou de xurdir algunha situación non reflexada no mesmo, estarase ao que dispoña a Organización.

Ademais, a Organización poderá suspender, aprazar ou modificar a proba por causas de forza maior, condicións meteorolóxicas adversas, situacións de risco para a saúde pública, motivos de seguridade, problemas loxísticos ou por ditame das autoridades competentes. En calquera destes supostos, a decisión adoptada terá como obxectivo garantir a integridade e seguridade das persoas participantes, voluntarias, e do público en xeral. Así mesmo, a Organización informará da decisión polos medios oficiais dispoñibles no menor prazo posible, sen que iso implique responsabilidade algunha polos posibles prexuízos derivados da suspensión ou modificación da proba. En caso de suspensión definitiva da proba por causas alleas á vontade da organización, non se procederá á devolución da cota de inscrición, agás decisión expresa en contrario da organización.

4. INSCRICIÓN E ENTREGA DE DORSAIS:

Todas as categorías faranse en **<https://www.321go.es/Carrera/Upcoming>** ata as 23:59 horas do día 28 de xaneiro 2026. Todas as inscricións son persoais e intransferibles.

CATEGORÍA	DATA TOPE INSCRICIÓN	RECOLLIDA DE DORSAIS	COTA	SISTEMA DE INSCRICIÓN	CHIP
Chupetes	MENORES E MAIORES DE IDADE Só telemática ata as 23.59h do 28/01/2026	O día 31/01 de 11.00 ás 13.00h e de 18.00 a 20.00h. No Centro comercial Carrefour (San Brais -Salcedo) <u>Non se entregan dorsais o día da carreira</u> As persoas inscritas <u>de fóra da comarca</u> que pidan	DE BALDE / GRATUITA	https://www.321go.es/Carrera/Upcoming	NON
Pitufos/as					
Benxamín					
Alevín					
Infantil					

Reglamento da "XIV Carreira Pedestre San Brais 2026"

Cadete		excepción a avsalcedonorte@gmail.com poderán ser autorizadas expresamente a recoller o dorsalo día da proba.			
Xuvenil					
Senior					
Veteranos/as			7€		Chip desechable en dorsal
"Históricos Runners" +60					

A organización poderá solicitar documentación acreditativa da idade ou identidade das persoas participantes no momento da retirada do dorsal.

No caso de que o/a deportista maior de idade que se inscriba estivera en situación de desemprego o día da Carreira, poderá participar de balde, devolvéndose a cota de participación polo mesmo sistema de pago. A persoa beneficiaria en situación de desemprego terá que contar cun "Documento Acreditativo de Rexistro como Demandante de Emprego" (D.A.R.D.E.) dun Servizo Público de Emprego, en vigor ese día (que terá que presentar obrigatoriamente ao recoller o seu dorsal); En caso de non presentación do documento acreditativo, non se lle devolverá a cota de participación.

DURANTE A XORNADA DA CARREIRA

5. COMO CHEGAR EN COCHE E ESTACIONAR.

A prioridade é achegarse a pé ou en bicicleta; de non ser así, saír de Pontevedra pola Avda. de Eduardo Blanco Amor (EP0012) dirección á BRILAT ou centro comercial Carrefour ou ao Lago Castiñeiras, ao atopar o Carrefour xirar á esquerda a avanzar ata a primeira rotonda e alí estacionaremos no andar superior do propio centro comercial Carrefour (antes das 12.00 e non se poderá mover o coche ata as 13.30 horas).

6. SERVIZOS SANITARIOS E SEGURO DE ACCIDENTES:

Todas as persoas participantes estarán cubertos cunha póliza de "Seguro de Responsabilidade Civil" e dun "Seguro de Accidentes". Haberá dúas ambulancias e un médico/a para a atención.

A atención médica límitase á derivada da participación na proba e realizarase no lugar de desenvolvemento da mesma. En caso necesario, os servizos médicos poderán ordenar o traslado a un centro hospitalario.

7. PERCORRIDO.

Terá unha lonxitude variable en función da categoría. No caso das categorías de menores de idade farano nun circuíto pechado sobre asfalto no parking inferior do

Centro Comercial Carrefour (Especificado no cadro inferior). Para os maiores de idade o percorrido será polo parroquia de Salcedo comprendendo tramos de asfalto e tramos de terra. Haberá diversos controis de paso obrigatorios.

8. DESCUALIFICACIÓNS.

O servizo médico da competición, ou persoal de organización, están facultados para retirar da carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico evidente, que non realice o percorrido completo, que non teña dorsal diante, que manipule a publicidade do dorsal, que manifeste un comportamento non deportivo ou que se reitere en protestas ante a organización ou calquera outra mostra de falta de respecto cara ao persoal da organización, voluntariado, público ou resto de participantes poderá ser motivo de descualificación inmediata.

9. CHIP.

Chip desechable no dorsal, para pegar na parte interna de dorsal.

Estableceranse controis de cronometraxe de Chip por todo o percorrido, co propósito de verificar que todos os/as atletas realicen a totalidade do mesmo. Estes controis rexistrarán tamén os tempos de paso totais, polo que é obrigatorio pasar por enriba das alfombras de cronometraxe dispostas na saída e chegada. Os atletas que non teñan todos os rexistros serán descualificados, sen prexuízo doutros tipos de controis que poidan montarse.

10. PERSOAS NON INSCRITAS.

Toda aquela persoa que corra sen estar inscrita, faino baixo a súa responsabilidade e non estará cuberta pola Organización. Se é advertida a súa presenza se lle instará a abandonar o circuío.

POSTERIOR Á CARREIRA

11. OUTROS.

Na liña de meta, os participantes terán produtos alimenticios, bebidas, servizo médico,... NON HABERÁ DUCHAS NIN GARDARROUPAS.

As persoas participantes comprométense a respectar o medio ambiente e manter limpo o percorrido, facendo uso dos colectores situados ao longo do mesmo.

12. PREMIOS.

A clasificación será por categorías e absoluta, e premiarase como vencedores/as

Reglamento da "XIV Carreira Pedestre San Brais 2026"

absolutos aos tres primeiros homes e mulleres en rematar. Os/as vencedores absolutos recibirán o premio correspondente a esta clasificación e recibirán tamén o premio da súa categoría particular.

		1º	2º	3º
ABSOLUTA	Masculina	Trofeo	Trofeo	Trofeo
	Feminina	Trofeo	Trofeo	Trofeo

Recibirán trofeo os tres primeiros clasificados de cada categoría.

		1º	2º	3º
Todas as de maiores de idade	Masculina	Trofeo	Trofeo	Trofeo
	Feminina	Trofeo	Trofeo	Trofeo

Nas categorías: Chupetes, Pitufos/as, Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete e Xuvenil, recibirán unha medalla todos/as os que rematen a súa carreira.

O "**Trofeo Julian Bernal**" será para o corredor e á corredora máis veterano/a en tomar parte nesta edición.

13. PROTOCOLO DE ENTREGA DE TROFEOS.

A cerimonia de entrega de premios efectuarase a partir das 13.30 horas na zona de meta. Os/as atletas con dereito aos premios deberán estar presentes na mesma, podendo delegar noutra persoa. Se non estivesen presentes, entenderase que renuncian ao premio material.

14. TERCEIRO TEMPO:

Haberá un sorteo de lacóns entre as persoas participantes nas categorías de maiores de idade, xusto antes da saída (12:15 h.).

Haberá unha chocolatada para todos os/as deportistas ao remate da carreira.

15. PARA MAIS INFORMACIÓN.

Máis información (e axuda para a inscrición en caso necesario) a través da Asociación Veciñal Salcedo Norte en avsalcedonorte@gmail.com, no teléfono 664381343 ou nas redes sociais da Asociación Veciñal: <https://linktr.ee/a.v.salcedonorte>.

16. MAPAS DE CIRCUITOS E PROBAS



CHUPETE

11:15





PITUFOS

11:25





BENXAMÍN / ALEVÍN

11:35





INFANTIL

11:45





SAÍDA

META

X3VOLTAS



CADETE / XUVENIL 11:55



XIV CARREIRA PEDESTRE DE SAN BRAIS 2026

6615 m



↔ 6615 m




MIXTA

↑ 96 m

↓ 19 m

↗ 181 m

↘ 181 m



ZONA RESTRINXIDA AO TRÁFICO

ZONA RESTRINXIDA AO TRÁFICO

ZONA RESTRINXIDA AO TRÁFICO

- CORTES AO TRÁFICO
- trazado sendeiros terra
- trazado asfaltado
- dirección trazado



XIV CARREIRA PEDESTRE SAN BRAIS 2026

01/02/2026

COORGANIZAN:



ASOCIACIÓN VECIÑAL
SALCEDO NORTE



<https://linktr.ee/a.v.salcedonorte>
AVSALCEDONORTE@GMAIL.COM



Concello
de Pontevedra

COLABORAN:



Carrefour

